Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 3 de outubro de 2024

PARLAMENTO DE GALICIA

[RRC/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 3 de outubro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Paloma Castro Rey
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Preguntante:
María Cristina Fernández Davila
Comparecentes:
Xerente do Sergas
Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais
Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Preguntas

1.1 7666 (12/POC-001272)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as accións que ten previstas a Xunta de Galicia para a mellora da dotación de profesionais da Unidade de Saúde Mental do Centro de Saúde de Ponteareas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 13.08.2024

A **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG)**, expón os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas (Consellería de Sanidade) José Ramón Parada Jorgal.**

En rolda de réplica a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada, polo que incide nas preguntas xa expostas.

O **xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** pecha o debate desta iniciativa rebatendo moitas das afirmacións realizadas pola señora deputada e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas.

A Presidencia agradece a presenza do señor Parada Jorgal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Neste intre a señora presidenta lémbralles aos membros da Comisión a alteración da orde do día, tal e como se lles comunicou no día de onte aos voceiros dos grupos parlamentarios. Tendo en conta a dita alteración pásanse a debater a continuación as preguntas que figuraban en quinto lugar (1.5) e en sexto lugar (1.6), respectivamente.

1.2 10093 (12/POC-001723)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a cobertura da atención pediátrica no Centro de Saúde de

PARLAMENTO DE GALICIA

Fornelos de Montes a as medidas que prevé a Xunta de Galicia para mellorar a súa axilidade na prestación da asistencia médica en xeral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 10.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal**.

En rolda de réplica, a **señora Castro Rey, Paloma (S),** insiste na falla de cobertura pediátrica nalgúns centros de saúde e na mellora da prestación de asistencia médica en xeral.

O **señor xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** logo de matizar as argumentacións expostas pola señora deputada, pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

1.3 11009 (12/POC-001860)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a transparencia na información relativa ás listaxes de espera no Sergas, os datos referidos aos programas da Xunta de Galicia para reducilas, os seus resultados e as derivacións de cirurxías e probas diagnósticas a centros privados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f2, do 20.09.2024

A **señora Carreira Pazos, Iria (S),** refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia **xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal.**

En rolda de réplica a **señora Carreira Pazos, Iria (S)**, agradece a información aportada polo señor Parada Jorgal, pero lamenta que non contestara a ningunha das cuestións formuladas na iniciativa.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor xerente do Servizo Galego de Saúde-Sergas, José Ramón Parada Jorgal,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a presenza do xerente do Sergas nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

1.4 7888 (12/POC-001378)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre o traballo que está a desenvolver a Consellería de Sanidade para aproveitar a intelixencia artificial (IA) no ámbito sanitario
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** quen procede á defensa e formulación da súa iniciativa ampliando os argumentos amosados por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Pasa a contestar esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera.**

En rolda de réplica, a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** agradece a información aportada pola señora secretaria xeral, que comenta brevemente.

Pecha o debate desta iniciativa a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera,** agradece as verbas da señora preguntante e amplía a información aportada na súa anterior intervención

Ao longo da anterior intervención a presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión, en cumprimento do disposto no artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pasando a ocupar a Presidencia a vicepresidenta.

A Presidencia en funcións agradece a presenza da señora Lobato Mosquera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

1.5 9771 (12/POC-001635)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia co Plan de apoios para impulsar a presenza feminina en sectores masculinizados e as medidas ou axudas que está a levar a cabo con este plan para a creación de emprego feminino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

Intervén a **señora Pérez López, Noelia (P)**, para expoñer os motivos nos que se basea a formulación das cuestións que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Pablo Fernández López**.

En rolda de réplica, a **señora Pérez López, Natalia (P),** agradece a rigorosidade da resposta e amosa o seu recoñecemento ao labor que están a realizar a respecto da inserción feminina no mercado laboral.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández López,** agradecendo o recoñecemento da señora deputada.

A señora presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

1.6 9909 (12/POC-001674)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre o nivel de eficacia das políticas de emprego seguidas pola Xunta de Galicia, a súa eventual reorientación e a análise do grao de execución orzamentaria nesta materia nos últimos quince anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f2, do 06.09.2024

A presidenta concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, (Consellería de Emprego e Relacións Laborais), Pablo Fernández López,** lembrando previamente que xa se presentaron iniciativas semellantes e respostadas no seu día. De seguido pasa a dar resposta ás diferentes cuestións sobre políticas de emprego.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** comenta a información recibida e formula novas consideracións en base a ela.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández López**, quen contesta ás consideracións da señora deputada.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.24 11:31:43 +02'00'

V.º e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.10.24 10:46:46 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión